

## CONVENIO ESPECÍFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO

CONVENIO Nº

**Dunha parte:**

D/Dª , con DNI como director/a do centro educativo CIFP Manuel Antonio, código de centro, localizado en Vigo, provincia de Pontevedra, Avenida de Madrid, s/n - (Apartado ), código postal 36214, código de identificación fiscal , teléfono, correo

**e doutra:**

D/Dª Ana Isabel Vázquez Reboredo con DNI como representante legal do centro de traballo FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, da empresa FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, localizado en Santiago de Compostela, provincia de Coruña (A). Cidade da Cultura de Galicia. Edificio CINC. 3º Andar, Monte Gaiás, código postal 15707, código de identificación fiscal, teléfono, correo

**EXPOÑEN**

Que ambas as partes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.

Que o obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo , dirixido ao alumnado de formación profesional específica.

Que a devandita colaboración se fundamenta xuridicamente no artigo 42, número 2, da Lei orgánica 2/2006 , do 3 de maio, de ordenación xeral do sistema educativo (LOE).

**ACORDAN**

Subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros de traballo, de acordo coa normativa vixente emitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para o curso escolar 2016/2017, por parte do alumnado e correspondente ás ensinanzas que se recollen deseguido, que ambas as partes coñecen e acatan, e de conformidade coas cláusulas que figuran no reverso deste documento.

| DENOMINACIÓN DA ENSINANZA      |     | Guía, información e asistencia turísticas |                   |                                      | CÓDIGO            |  |
|--------------------------------|-----|-------------------------------------------|-------------------|--------------------------------------|-------------------|--|
| TITOR DO CENTRO EDUCATIVO D/Dª |     |                                           |                   |                                      |                   |  |
| APELIDOS E NOME                | DNI | NÚMERO HORAS                              | HORARIO ESPECIAL* | PERÍODO DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS |                   |  |
|                                |     |                                           |                   | DATA DE INICIO                       | DATA FINALIZACIÓN |  |
|                                |     |                                           | F                 | 29/03/2017                           | 07/06/2017        |  |

Ao presente convenio incorpóraselle a programación de actividades formativas para desenvolver polo alumnado nos centros de traballo

|                                    |                                         |
|------------------------------------|-----------------------------------------|
| En Vigo, a 20 de marzo de 2017     |                                         |
| O/A Director/a do Centro Educativo | O/A representante do Centro de Traballo |

## CLÁUSULAS

Primeira. - O alumnado que figura no presente convenio desenvolverá as actividades formativas programadas (anexo) nos locais do centro de traballo ou, de ser o caso, naqueles lugares nos que a empresa titular do centro de traballo desenvolve a súa actividade produtiva, sen que isto implique relación laboral ningunha coa empresa.

Segunda.- A empresa compro métese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado, e, xunto co titor do centro educativo, á revisión da programación se fose necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.

Terceira.- Cada alumno disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado pola persoa responsable da empresa en colaboración co titor do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas na empresa, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiránse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cubrirá a persoa responsable na empresa.

Cuarta.- A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realizarán no centro de traballo, que garantirá a orientación e consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao profesor-titor do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

Quinta.- No caso de alumnado menor de idade a empresa comprométese a exixir á persoa titor responsable do alumnado e, de ser o caso, aos/as traballadores/as que vaian ter un contacto habitual con este alumnado unha certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da Lei de axuízamento civil, introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Sexta.- A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas na empresa, salvo que se estableza para o efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerase que o alumno abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a empresa ou institución colaboradora lle deberá comunicar á dirección do centro escolar, quen pola súa vez llo comunicará á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Sétima. - O alumnado non percibirá do centro de traballo ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.

Oitava.- O presente convenio poderase extinguir por finalización do tempo convindo e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a) Cesamento de actividades do centro docente, da empresa ou da institución colaboradora.
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas, ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
- d) Mutuo acordo entre o centro docente, adoptado pola súa dirección, e a empresa ou institución colaboradora. Igualmente, poderase rescindir para un alumno, ou grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no convenio por decisión unilateral do centro, da empresa ou institución colaboradora, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:
  - e) Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
  - f) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento. tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o centro docente deberá informar a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da extinción ou rescisión dos convenios específicos de colaboración en calquera dos casos, e esta, pola súa vez, o comunicarllo á Inspección Provincial de Traballo. Así mesmo, os representantes dos traballadores dos centros de traballo serán informados do contido deste convenio de colaboración.

Novena.- Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida subscribir como seguro adicional para mellorar indemnizacións, cubrir danos a terceir os ou responsabilidade *civil*.

Décima.- En todo momento, o alumnado irá provisto do DNI.

Undécima.- As xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria remitirán á Inspección de Traballo unha copia do presente convenio.

Duodécima.- A duración deste convenio é a prevista no período de realización das prácticas, e considérase improrrogable.